



# **AUTOINFORME DE RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN**

**Grao en Matemáticas**

- Datos da universidade e do título
- Cumprimento do proxecto establecido
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
    - Criterio 2. Información e transparencia
    - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - Criterio 4. Recursos Humanos
    - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
    - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
- Modificacións do plan de estudos
- Listaxe de evidencias e indicadores
- Plan de Melloras

<u>1. DATOS DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Matemáticas
Mencións/Especialidades	--
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	--
Centro responsable	Facultade de Matemáticas
Centro/s onde se imparte	Facultade de Matemáticas
Rama de coñecemento	Ciencias
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2008/2009
Data acreditación ex ante (verificación)	08/05/2008
Data renovación acreditación	11/07/2015

## 2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.** Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2019\\_20.pdf](#) son:

- IN01G-Prazas ofertadas
- IN02G-Matricula
- IN03G-Matricula de acceso
- IN04G-Matricula de novo ingreso por preinscrición
- IN05G-Variación da matrícula de novo ingreso por preinscrición
- IN06G-Nota media de acceso por preinscrición
- IN07G-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis
- IN08G-Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados
- IN09G-Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados
- IN10G-Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas
- IN12G-Taxa de ocupación
- IN17G-Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados
- IN18G-Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados
- IN22G-Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou as prácticas en empresas e institucións

O número de prazas de acceso na titulación de Graduada ou Graduado en Matemáticas (GM) está limitado a 120 desde o curso 2012-13 ata o curso 2014-15, tal e como se contemplaba na MVT, tendo en conta a demanda e os recursos, tanto humanos como materiais, do centro. No curso 2015-16, debido á implantación das dobres titulacións de Dobre Grao en Matemáticas e en Física (DG-MF) e de Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas (DG-EIM), das 10 prazas de inicio de estudos propostas en cada unha delas, a metade retraeuse das prazas propostas en cada un dos Graos implicados, polo que o límite de prazas no Grao de Matemáticas quedaría realmente en 110.

No curso 2019-20, último que se emprega para a renovación da acreditación, o número de prazas ofertadas para o GM é de 110, e en cada un dos dobres graos mantense a oferta de 10 prazas. Tendo en conta o momento no que se realiza o informe, anticipamos que nos cursos 2019-20 e 2020-21 o Consello de Goberno da USC asumiu a proposta feita pola Facultade de Matemáticas de ofertar 110 no GM e 12 en cada dobre grao ante a alta demanda e empregabilidade e co fin de axilizar os procedementos de asignación. A Consellería con competencias en universidades aprobou o incremento no Grao en Matemáticas e mantivo en 10 prazas os dobres graos.

Para analizar a demanda, son salientables os documentos [2500172\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [2500172\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [2500172\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do ano 2015-16, [2500172\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#) e [2500172\\_INF.CIUG\\_2019-2020.pdf](#):

GM	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1º opción	Admisión	Matrícula	Matrícula % mulleres	% Matrícula 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matrícula [12,13]	Nota admisión matrícula [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	110	447	97	132	119	45%	60,50%	6,314	9,476	12	1	118	1
2016-17	104	525	139	123	107	36%	63,60%	8,718	10,778	17	8	100	3
2017-18	100	668	207	127	101	44%	72,30%	10,540	11,883	42	7	98	1
2018-19	100	637	213	128	101	44%	76,2%	11,210	12,222	43	15	98	2
2019-20	110	635	234	134	110	51%	83,6%	11,424	12,416	51	19	101	5

O incremento da demanda do Grao en Matemáticas evidénciase polo diferencial positivo de todos os indicadores presentes nos documentos e, nomeadamente, nos que se recollen na táboa. Esta tendencia repítese en todo o Estado e este é o motivo polo que os estudantes solicitan admisión en diferentes comunidades autónomas. Pode constatar-se no dato de que, dos estudantes que formalizaron a matrícula da cota xeral na USC no curso 2028-29, 98 son de Galicia, un procedente doutra comunidade e outro estudante é dun país da UE con acordo. A presenza de mulleres no curso 2019-20 supera a porcentaxe dos cursos académicos anteriores.

O incremento das notas de acceso dos estudantes reflíctese nos indicadores de rendemento e de éxito que serán posteriormente analizados. A demanda amosa a relevancia que están proxectando os estudos do Grao en Matemáticas.

Na seguinte táboa amosamos o IN03G, no que se ilustra a composición da matrícula de acceso e tamén se pode ver o incremento da demanda atendendo á continuación de estudos, que nalgúns casos se corresponde con traslado de expediente desde outras universidades, e noutros casos desde a propia USC ao cambiar de titulación.

Código	<b>IN03G</b>
Nome	<b>Matrícula de acceso</b>
Procedemento de Cálculo	Número de estudantes que se matriculan nun plan de estudos por primeira vez. Inclúe ao alumnado que traslada o seu expediente, que accede por validación parcial de estudos estranxeiros ou que se adapta desde plans en extinción.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Adaptación desde plans en extinción	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Continuación de estudos (traslado)	2,00	2,00	3,00	4,00	6,00	13,00
Estranxeiros art. 38 da LOE 2/2006 (modificado pola LOMCE)	-	-	-	-	-	-
Formación Profesional	4,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Maiores de 25 anos	1,00	0,00	1,00	0,00	1,00	0,00
Maiores de 40 anos	-	-	-	-	-	-
Maiores de 45 anos	-	-	-	-	-	-
Non aplica	1,00	-	-	-	-	-
PAAU	121,00	119,00	103,00	99,00	98,00	103,00
Sen asignar	-	-	-	-	-	-
Titulados	-	-	1,00	-	-	1,00
Validación parcial de estudos estranxeiros	-	-	-	-	-	-
<b>Total</b>	<b>129,00</b>	<b>121,00</b>	<b>109,00</b>	<b>103,00</b>	<b>105,00</b>	<b>117,00</b>

Aínda que o proceso de renovación da acreditación é relativo ao Grao en Matemáticas, as simultaneidades de estudos implantadas no curso 2015-16, coñecidas como dobre Grao en Matemáticas e Física (DF-MF) e dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DF-EIM), son cursadas por estudantes que coinciden nas aulas cos estudantes matriculados no Grao en Matemáticas e o impacto en proxección do Grao en Matemáticas está relacionado coa implantación das mencionadas simultaneidades. O tratamento de indicadores dos resultados dos estudantes son procesados de xeito separado, pero entendemos que é importante mencionar un seguimento dos mesmos ao presentar esta memoria.

## Dobre Grao en Matemáticas e en Física (DG-MF)

A análise da demanda do DG-MF facémola atendendo aos datos facilitados nos documentos [7000609\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do 2015-16, [7000609\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [7000609\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [7000609\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#) e [7000609\\_INF.CIUG\\_2019-2020.pdf](#).

DG-MF	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1ª opción	Admisión	Matrícula	Matrícula %mulleres	% Matrícula 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matrícula [12,13]	Nota admisión matrícula [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	10	173	73	12	11	18%	110,00%	13,084	13,404	0	11	11	0
2016-17	10	142	76	12	10	20%	80,00%	13,310	13,561	0	10	8	2
2017-18	10	165	86	15	9	33%	70,00%	13,356	13,570	0	9	7	2
2018-19	10	153	80	22	9	33%	100%	13,330	13,512	0	9	8	1
2019-20	10	165	82	27	11	27%	100%	13,270	13,470	0	11	11	0
<b>Totais</b>	50				50								

En todas as promocións cubríronse as prazas cunha nota de corte superior a 13. Nos cursos 2017-18 e 2018-19, cubríronse as 10 matrículas, pero finalmente quedou unha praza libre ao renunciar un estudante e optar a outra universidade. Aínda que se convocou por orde á lista de espera, unha vez comezado o curso, ninguén aceptou e terminou quedando a praza libre. No curso 2019-20, autorizouse a matrícula de 11 estudantes para evitar o acontecido nos cursos anteriores.

Os estudos simultáneos contemplan a opción de pasarse a un dos dous graos. Na seguinte táboa, facemos un seguimento das diferentes promocións do DG-MF nos distintos anos académicos que coinciden cos seis correspondentes ao proceso de renovación da acreditación.

Consideramos importante facer o seguimento e compartilo cos centros responsables das outras titulacións.

A primeira promoción, quizais debido á novidade dos estudos, experimentou máis cambios de matrícula, como se reflicte na táboa seguinte. Finalmente quedou reducida a 6 estudantes, na terceira promoción o cambio redúcese a un ou dous estudantes. Por dispoñer dos datos no momento de realización do informe, presentamos o estado de todas as promocións.

DG-MF Seguimento no curso 2019-20	Continúa no curso 2019-20 DG-MF	Pásase ao GM USC no curso 2019-20 ou anteriores	Pásase ao GF USC no curso 2019-20 ou anteriores	Fóra do SUG no curso 2019-20 ou anteriores	NS/NC	Finalizaron no curso 2019-20 ou anteriores
Promoción 2015-16	6	4	0	1	0	5
Promoción 2016-17	10	0	0	0	0	0
Promoción 2017-18	8	0	0	0	1	0
Promoción 2018-19	9	0	0	0	0	0
Promoción 2019-20	12	0	0	0	0	0
<b>Total</b>	45	4	0	1	1	0

No curso 2019-20, finalizaron os 5 primeiros estudantes do DG-MF.

## Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (DG-EIM)

A análise da demanda do DG-MF facémola atendendo aos datos facilitados nos documentos [7000608\\_Informe\\_CiUG.pdf](#) do 2015-16, [7000608\\_INF.CIUG\\_2016-2017.pdf](#), [7000608\\_INF.CIUG\\_2017-2018.pdf](#), [7000608\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#) e [7000608\\_INF.CIUG\\_2018-2019.pdf](#).

DG-EIM	Prazas ofertadas	Total Solicitudes	Solicitudes 1º opción	Admisión	Matriculación	Matriculación %mulleres	% Matriculación 1ª opción	Nota corte xeral	Nota media	Nota admisión matrícula [12,13]	Nota admisión matrícula [13,14]	Procedencia cota xeral Galicia	Procedencia cota xeral Outras comunidades
2015-16	10	158	52	13	11	40%	100,00%	12,276	12,728	8	3	10	1
2016-17	10	142	76	12	10	20%	80,00%	13,310	13,561	1	9	10	0
2017-18	10	124	56	17	10	10%	90,00%	12,800	13,290	2	8	10	0
2018-19	10	155	53	16	10	30%	100%	12,918	13,508	1	9	10	0
2019-20	10	114	50	16	12	42%	83,3%	13,040	13,332	0	12	11	1

Apréciase o incremento da nota de corte. Sempre se cubriron todas as prazas e foron autorizadas algunhas matrículas superando o número de prazas ofertadas.

Tamén se presentan o seguimento de todas as promocións do DG-EIM nos distintos anos académicos que coinciden cos seis correspondentes ao proceso de renovación da acreditación. No DG-EIM é maior o número de estudantes que se pasan aos graos en Enxeñaría Informática e Matemáticas e o reparto é máis equilibrado que no caso do DG-MF.

DG-EIM	Continúa no curso 2019-20 DG-EIM	Pásase ao GM USC no curso 2019-20 ou anteriores	Pásase ao GEI USC no curso 2019-20 ou anteriores	Pásase ao GF USC no curso 2019-20 ou anteriores	Fóra do SUG no curso 2019-20 ou anteriores	NS/NC
Promoción 2015-16	5	3 (*)	2	1	0	0
Promoción 2016-17	5	1	2	0	2	0
Promoción 2017-18	9	0	0	0	0	1
Promoción 2018-19	8	2	0	0	0	0
Promoción 2019-20	12	0	0	0	0	0
Total	39	6	4	1	2	1

(\*) Hai un estudante da primeira promoción que primeiro se pasa ao Grao en Matemáticas e logo tamén o deixa, o que significa que no curso 2019-20 non hai un total de 6 estudantes no Grao en Matemáticas que veñan deste dobre título, son 5.


Evidénciase unha gran demanda dos dous dobres graos, que parece estabilizarse no caso do DG-MF e oscila máis no de DG-EIM. Os números da demanda dependen tamén da implantación dos dobres graos noutras universidades do estado.

Na MVT indicábase a realización dunha xornada de benvida dirixida ao alumnado de primeiro curso. A formulación da mesma mudou desde a implantación do título ao non contar actualmente cunha representación do equipo reitoral, pero si se mantivo en todos os cursos académicos. Desde o curso 2017-18, realízase unha enquisa de satisfacción para valorar a actividade ([AM-1 \(Curso 2017-18\)](#), [AM-2 \(Curso 2018-19\)](#) e [AM-1 \(Curso 2019-20\)](#)). Definiuse como acción de mellora en varios cursos académicos e os resultados da mesma foron reportados á Comisión de Título do Grao en Matemáticas e á Xunta de Facultade, como consta nas actas correspondentes. No curso 2020-2021 a enquisa distribuíuse telematicamente, ao dividir en tres grupos aos estudantes de primeiro e tentar reducir o tempo de presenza no Centro por ser o primeiro día de actividade presencial e estar suxeito ás restricións sanitarias.

## Prácticas externas

Na MVT do Grao en Matemáticas, as prácticas externas non figuran como obrigatorias e indícase que teñen un recoñecemento de 6 créditos optativos. Consideramos estratéxico apostar polas prácticas externas, pola importante empregabilidade das persoas egresadas en matemáticas e a relación con todos os grupos de interese. Estas valoracións, xunto co feito de que nas outras titulacións implicadas nos dous dobres graos que analizamos no informe teñan o recoñecemento de materia optativa, levounos a definir a acción de mellora **AM-2 (Curso 2019-20)** que consistiu en someter a aprobación da Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2020 e que tamén foi aprobado polo Consello de Goberno da USC o 6 de marzo de 2020 que sexan consideradas como materia optativa. Esta acción de mellora coincide coa recomendación feita no informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación, no seu momento respondeuse que os procedementos eran equivalentes aos realizados se é unha materia optativa. Coincidimos nas valoracións feitas, pero entendemos que o cambio incorporado incrementa o recoñecemento das prácticas externas e equipara o seu tratamento nos títulos cos que compartimos simultaneidade de estudos.

Na seguinte figura representamos os datos das prácticas externas na liña do tempo dos seis cursos aos que corresponde o informe de acreditación.



A continuación, analizamos algúns dos indicadores relativos ás prácticas externas.

Estabilización do número de estudantes que realizaron **prácticas externas**, IN22G-PC-09:

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	17,39	29,63	6,52	21,05	18,52	34,38	34,55	34,62	-

No documento [2500172\\_INF.07\\_2018-2019.pdf](#) "Informe da enquisa de satisfacción dos/as titores/as externos/as cos programas de prácticas externas 18-19", a satisfacción xeral dos titores nas empresas cos estudantes recibidos ten unha valoración media do 4,83 sobre 5, valorando coa mellor puntuación de 4,83, tanto o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas como o grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado.

Código	<b>IN19G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas. Aмосa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	-	-	-	<b>4,32</b>	<b>4,83</b>	-



Código	<b>IN20G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	-	-	<b>4,11</b>	<b>4,17</b>	<b>4,61</b>	-

Código	<b>IN21G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas. Amosa información sobre a xestión das prácticas externas no título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	-	-	-	<b>4,25</b>	<b>3,88</b>	-

No curso 2019-20, nomeouse como responsable das mesmas a unha profesora que non forma parte do equipo decanal. O confinamento impediu que se convocasen en dito curso, pero o incremento das valoracións de docentes e profesionais fainos apostar por esta actividade no curso 2020-21 se a restricións sanitarias non o impiden, como foi o caso do curso 2019-20.

### Perfil de egreso

Os datos do indicador I13, que se amosan a continuación, hai que complementalos co número de estudantes que fan másteres ao rematar, por iso é importante salientar unha taxa de afiliación do 47,8% aos dous anos, lembrando que dous dos másteres que se imparten no centro son de 90 ECTS. Os datos dispoñibles do indicador I13 no SIU só fan referencia aos cursos indicados na seguinte táboa.

#### I13. Resultados de inserción laboral

Nome título		Graduado o Graduada en Matemáticas por la Universidad de Santiago de Compostela																		
Cohorte de egresados: 2013-2014																				
Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)							2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)												
	Tasa de afiliación	Contrato		Jornada laboral		Grupo cotización		Tasa de afiliación	Contrato		Jornada laboral		Grupo cotización							
		Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario		Medio, no manuales	Bajo y manual	Porcentaje de indefinidos	Porcentaje de temporales	Porcentaje a tiempo completo	TP: más de media jornada	TP: menos de media jornada	Universitario	Medio, no manuales	Bajo y manual		
46	15,2%	14,3%	60,0%	40,0%	50,0%	33,3%	16,7%	42,9%	28,6%	28,6%	47,8%	4,5%	23,5%	76,5%	81,0%	9,5%	9,5%	59,1%	9,1%	31,8%

Consultando o panel de indicadores do Grao de Matemáticas [2500172\\_P.Ind\\_2018\\_19.pdf](#) podemos atopar o indicador **IN52-S01-PM-01** que proporciona a **taxa de transición de grao a máster na USC**.

	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	37,45	39,53	28,24	24,98	----

No curso académico 2017-18, realizouse un estudo de egresados de todos os títulos do centro e nomeadamente do Grao en Matemáticas. Financiada dentro das Accións lideradas polo Instituto de Matemáticas da USC, o IMAT, permitiu unha análise do perfil de egreso e da

satisfacción contando cun alto grao de participación dos egresados, o que conformou a **AM-1 (Curso 2017-2018)**.

Como se indica no mesmo, a porcentaxe de mulleres na entrada no curso 2015-16 é do 45% e a porcentaxe de egresadas é do 54%, dato que case é coincidente coa Enquisa de inserción laboral de titulados universitarios de 2014 (INE), onde as mulleres tituladas en Matemáticas supuñan un 55% do total. A media de idade coa que o alumnado de matemáticas obtén a titulación é de 23 anos, a idade máxima rexistrada é de 34 anos, e a idade mínima de 21 anos, xa que no curso 2016-17 un egresado obtivo a titulación en 3,5 anos.

A presentación pública dos resultados do estudo fíxose o 9 maio de 2018, coa participación de director do IMAT e o Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia:




A presentación cos datos máis destacados está dispoñible en:


[https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion\\_Enquisa\\_VF.pdf](https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/institutos/matematicas/descargas/Presentacion_Enquisa_VF.pdf)

Este informe e as accións comentadas evidencian que se apostou, como se recomendaba no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (29/7/2014)*, por dar maior difusión dos resultados do Grao en Matemáticas (satisfacción e inserción laboral). É un dos documentos que se presenta na portada da web da Facultade de Matemáticas.

Na seguinte táboa, precísanse as egresadas e egresados para o grao en Matemáticas nos seis cursos considerados no proceso de renovación da acreditación. No último curso, como xa foi comentado, 5 dos egresados corresponden á simultaneidade de estudos de Matemáticas e Física.

A taxa de graduación, que será analizada no apartado de resultados, é un dos indicadores sobre os que recomendaba reflexionar no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación” (29/7/2014)* e afortunadamente ten un importante repunte no último curso, acadando o 36,21%, que supera o 33% estimado na MVT. Esta é a máis alta desde a implantación do Grao en Matemáticas e, polo número de matriculados en TFG no presente curso académico 2020-2021, que ascende a 168, seguirá en aumento.





O valor promedio da porcentaxe de egresadas é do 51,58% e o de egresados é do 48,32% nos seis cursos.

No documento [2500172\\_INF.09\\_2018-2019.pdf](#) amósase que a **satisfacción das persoas egresadas** rexistra un incremento da participación que case duplica o do curso 2017-18, que fora o máis baixo dos rexistrados (10,94%), e que xustificamos no informe anterior pola coincidencia no tempo co Estudo de egresados xa mencionado. Entendemos que as accións desenvolvidas incrementaron a participación. Os resultados son moi positivos e coincidentes co estudo de satisfacción feito pola Facultade atendendo á formación e ás competencias. É preciso facer constar que neste documento cando se menciona o curso 2018-2019 os egresados enquisados son os do curso anterior xa que o procedemento deseñado pola ACMP ten un desfase dun ano. Non mencionamos o documento [2500172\\_INF.09\\_2019-2020.pdf](#) polo procedemento indicado. No momento de realización deste informe, non se pechou o prazo para contabilizar os egresados na USC, polo que os resultados da enquisa só dan conta das persoas que a cubriron no primeiro semestre e só hai unha resposta que non ten significación estatística.

Nos casos nos que non se reporta o dato de diferentes indicadores é por non telo no momento de realización do informe.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### Desenvolvemento do plan de estudos

Como se viu corroborado na renovación da acreditación do título e en informes previos de seguimento, dende a súa implantación tense posto especial atención a que o Grao en Matemáticas se desenvolva de acordo ao seu proxecto inicial recollido na MVT e que este proxecto inicial siga sendo adecuado. Con este obxectivo, revísanse anualmente en especial a estrutura das ensinanzas, a descrición detallada de módulos e materias, entre outros aspectos, para poder detectar, se as houbera, desviacións sobre o proxecto inicial.

As actas da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos e da Comisión de Título reflicten a aprobación das guías docentes e as análises sobre o número de estudantes por grupo para a proposta do PDA.

Como evidencias que xustifican as valoracións anteriores, compartimos os **resultados globais das enquisas de satisfacción dos estudantes do Grao en Matemáticas**. Non é factible unha comparativa de todos os cursos obxecto do proceso de renovación da acreditación por ter cambiado as preguntas de ditas enquisas. Compartimos as dos dous últimos cursos:

- No curso 2018-2019, o número total de estudantes matriculadas/os en estudos de Grao no Centro: 531. Nº total de enquisas cubertas en estudos de Grao no Centro: 2082. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 52,17%.
- No curso 2019-2020, o número total de estudantes matriculadas/os no plan de estudos: 553.
  - Nº total de enquisas cubertas en estudos de Grao no Centro no primeiro semestre: 1167. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 40,87%.
  - No segundo semestre, o efecto da COVID-19 levou a facer outro tipo de enquisas nas que se segregou a docencia presencial da telemática. Nº total de enquisas cubertas en plans de estudos impartidos no Centro: 1123. Porcentaxe de participación dos/as estudantes: 38,88%.

Comparamos nas seguintes táboas os resultados dos dous cursos comparables e engadimos a continuación as respostas relativas ao segundo semestre.

<b>Calidade da programación</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?	4,11	4,05
Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?	4,29	4,29
Os/As alumnos/as sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?	3,74	3,76
Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,77	3,73

<b>Metodoloxía docente e materiais didácticos</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia?	3,84	3,78
Os recursos didácticos empregados reforzan a comprensión da materia?	3,76	3,7
O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?	3,75	3,71
Os contidos desenvólense de acordo co cronograma temporal da materia?	4,19	4,2

<b>Calidade docente</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O/A docente motiva a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase?	3,66	3,67
Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?	4,23	4,17
Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?	4,07	4,04
Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?	3,69	3,59
A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?	4,02	4,06

<b>Valoración xeral da docencia recibida</b>	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?	3,86	3,84
O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?	3,73	3,7
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	3,83	3,79

	<b>2018-2019</b>	<b>2019-2020</b>
<b>Media global de todas as materias valoradas:</b>	4,05	4,06

## Resultados no segundo semestre, afectado polo confinamento e a COVID-19:

Bloque 1. Avaliación da docencia presencial	2019-2020
O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?	3,95
Os recursos didácticos empregados reforzaron a comprensión da materia	3,92
Os contidos desenvolvéronse de acordo co cronograma temporal da materia inicialmente previsto antes da crise da Covid-19	4,29
O/A docente motivou a participación crítica e activa do alumnado no desenvolvemento da clase	3,83
O/A docente resolveu as dúbidas que se lle formularon (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)	4,31

Bloque 2. Avaliación da docencia en remoto	2019-2020
O/A docente resolveu as dúbidas relacionadas coa materia que se lle trasladaron (clase virtual, titorías, aula virtual, correo electrónico, etc.)	3,73

Bloque 3. Avaliación global	2019-2020
Os materiais subministrados (presentacións, artigos, etc.) fóronme de axuda na preparación da materia	3,97
A carga de traballo (tarefas, lecturas, etc.) foi adecuada aos contidos e créditos da materia	3,97
De xeito global, a comunicación co/a docente foi axeitada	4,03
O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia	3,9
Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia	3,9

	2019-2020
<b>Media global de todas as materias valoradas</b>	4,05

Consideramos importante salientar que, neste segundo semestre, ademais das enquisas de satisfacción das materias, desde a Facultade de Matemáticas enquisamos ao alumnado do Grao en Matemáticas en varias ocasións para poder seguir o desenvolvemento de todas as materias. Entendemos que se apreciase unha baixada na participación das enquisas polo elevado número de cuestionarios demandados. Consideramos importante salientar a valoración global dada polo alumnado ao grande esforzo realizado polo profesorado da titulación. Os datos amosados corresponden ao total do alumnado matriculado nos estudos de grao, polo que non segregamos aos das simultaneidades de estudos. Nos datos segregados, os valores medios sempre son superiores nas simultaneidades que no Grao en Matemáticas. Tampouco facemos unha representación por materias por non ter, nalgúns casos, significación estatística os resultados, o que tamén acontece se as valoramos de xeito diferencial en cada simultaneidade, polo reducido número de estudantes por materia e curso.

### Programas de Mobilidade

O centro conta cun responsable académico de mobilidade (RAM), a secretaria da Facultade. A satisfacción cos programas de mobilidade detállase no documento "Informe da enquisa de satisfacción de mobilidade saínte (18-19)" [2500172\\_INF.04\\_2018-2019.pdf](#) e o indicador de satisfacción co programa de mobilidade e coa experiencia vivida está no 4,25 no curso 2018-19. Os datos do [2500172\\_INF.04\\_2019-2020.pdf](#) son menos significativos, o confinamento e a COVID-19 incidiron negativamente nos programas de mobilidade e o número de enquisas realizadas para o seguimento das materias minorou a resposta dos estudantes nalgunhas delas.

A porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados, **IN17G-PC-08** non é moi alto 4,15, no curso 2018-19. Aínda que esta cifra é pequena, marca a notoria diferenza coa porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade, **IN18G-PC-08**, sobre o total de matriculados, que aumentara a 1,45 no curso 2018-19, pero que retrocedeu a un 0,59 no curso 2019-20.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%) IN17G-PC-08</b>	1,89	1,14	3,21	3,32	5,15	4,69	5,18	4,15	--

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%) IN18G-PC-08</b>	0,95	2,05	1,71	1,04	0,86	1,49	0,43	1,45	0,59

O profesorado do Grao en Matemáticas participa sobre todo na mobilidade asociada á investigación, que non está asociada a un indicador explícito. Na mobilidade docente non hai constancia no último curso.

No documento “Procedencia-destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade (18-19)” [5060\\_INF.03\\_2019-2020.pdf](#) pode analizarse a mobilidade entrante e saínte do alumnado desde o curso 2015-16, singularizando a mobilidade dos dobres graos.

Mobilidade saínte	2015/2016		2016/2017		2017/2018		2018/2019		2019/2020	
	Nº	%	Nº	%	%	%	Nº	%	Nº	%
Convenios outras Universidades	2	8,33	1	4,55	1	4,17				
Erasmus	14	58,33	11	50	15	62,50	15	65,22	21	75,00
SICUE	8	33,33	10	45,45	8	33,33	8	34,78	7	25,00
<b>Total Grao en Matemáticas</b>	<b>24</b>	<b>100</b>	<b>22</b>	<b>100</b>	<b>24</b>	<b>100</b>	<b>23</b>	<b>100</b>	<b>28</b>	<b>100</b>
<b>Dobre Grao en Matemáticas e en Física</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>	<b>Nº</b>	<b>%</b>
Convenios outras Universidades										
Erasmus							3	100	1	33,33
SICUE					1	100			2	66,67
<b>Total Dobre Grao en Matemáticas e en Física</b>					<b>1</b>	<b>100</b>	<b>3</b>	<b>100</b>	<b>3</b>	<b>100</b>
<b>Total</b>	<b>24</b>	<b>100</b>	<b>22</b>	<b>100</b>	<b>25</b>	<b>100</b>	<b>26</b>	<b>100</b>	<b>31</b>	<b>100</b>

O número de estudantes saíntes no Grao en Matemáticas mantense ao longo dos anos. Este dato é notablemente distinto ao comparalo coa mobilidade entrante.

Mobilidade Entrante	2015/2016		2016/2017		2017/2018		2018/2019		2019/2020	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
Convenios Outras Universidades	1	25	2	28,57		0	6	85,71	1	33,33
Erasmus	1	25	5	71,43	1	50	1	14,29	0	0
SICUE	2	50		0	1	50	7	100	2	66,66
<b>Total Grao en Matemáticas</b>	<b>4</b>	<b>100</b>	<b>7</b>	<b>100</b>	<b>2</b>	<b>100</b>	<b>7</b>	<b>100</b>	<b>3</b>	<b>100</b>

No curso 2019-20, carécese de datos sobre a satisfacción coa mobilidade dos estudantes saíntes.

Código	<b>IN15G</b>
Nome	<b>Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade. Achega información sobre a xestión dos programas de mobilidade para ese título.

	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	<b>4,10</b>	<b>3,48</b>	<b>3,64</b>	<b>3,23</b>	<b>3,25</b>	<b>-</b>

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### Coordinación por curso e do TFG

Cada curso conta cun docente que asume a **coordinación do curso** e a colaboración directa coa persoa que coordina o Grao en Matemáticas. Existe tamén a figura de **coordinador de TFG**, que actualmente desempeña a coordinadora do Grao en Matemáticas e vicedecana do Centro. Estes coordinadores manteñen diferentes reunións ao longo do curso con todos os docentes das materias de cada curso. Algunhas das accións de mellora propostas nos diferentes informes de seguimento son froito das reflexións feitas en ditas reunións.


Os coordinadores son presentados na **xornada de benvida** de cada curso académico ás e aos estudantes para que os coñezan e canalicen as posibles demandas ou aportacións para mellorar o funcionamento do curso.

Na Comisión de Docencia e Asuntos Académicos, danse conta de todas as xuntanzas de coordinación e da benvida. Coa aprobación do novo Regulamento de Réxime Interno do Centro por parte do Consello de Goberno da USC o 9 de novembro de 2018, esta Comisión transformouse na Comisión de Título do Grao en Matemáticas. No curso 2018-19, realizouse unha enquisa de satisfacción a todos os estudantes participantes na benvida á Facultade, que permite analizar se participaron en actividades organizadas ou xestionadas por membros do equipo docente da Facultade, esta actividade é considerada tamén como a acción de mellora **AM-5 (Curso 2018/2019)** eficaz e que se desenvolve na **AM-1 (Curso 2019-2020)** e na **AM-1 (Curso 2020-2021)**.

A valoración media da xornada de benvida no curso 2018-2019 entre os 118 alumnos que contestaron a enquisa foi de 4,14 (valoración media de 4,22 entre os alumnos do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, de 4,00 entre os alumnos do Dobre Grao en Matemáticas e en Física e de 4,16 entre os alumnos do Grao en Matemáticas). Tamén se desenvolve na benvida un seminario de USC virtual, a valoración media do mesmo entre os 118 alumnos que contestaron a enquisa foi de 3,96 (valoración media de 4,11 entre os alumnos do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas, de 3,88 entre os alumnos do Dobre Grao en Matemáticas e en Física e de 3,96 entre os alumnos do Grao en Matemáticas). Compartimos a figura relativa á enquisa do curso 2019-2020, na que se obtiveron 75 respostas e nas que a pegada da educación primaria volve a ser salientable para inculcar o gusto polas matemáticas.



## 5. Curso durante o que se che inculcou o teu gusto polas matemáticas



Os coordinadores de curso teñen contacto continuado coa **coordinadora da titulación** para dar conta do que acontece no curso. A acción de mellora **AM-11 (Curso 2017-2018)**, que define a necesidade de introducir unha coordinación vertical na avaliación continua, foi tratada en ditas xuntanzas, ademais de analizar os resultados da enquisa realizada. Tamén froito das reunións dos cursos, nomeadamente de cuarto, definiuse a acción de mellora **AM-8 (Curso 2018/2019)** para poder dispor dun repositorio no cal os docentes voluntariamente poidan compartir materiais e volveu insistirse coa **AM-6 (Curso 2019-2020)** concretando xa o repositorio Minerva da USC.

Os diferentes cursos emitiron un informe que figura nos Informes de Seguimento desde o curso 2017-2018, e no presente documento incorporamos os do curso 2019-2020. Os coordinadores de curso organizaron diferentes xuntanzas e no informe remitido reflexionan sobre os resultados facilitados desde o decanato, tanto en avaliacións dos últimos cursos como de taxas.

No *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”*, incídese no desaxuste de créditos nos dous semestres no terceiro curso do grao e tamén se mencionan os contidos e as dificultades dos mesmos. Esta valoración queda presente en diferentes informes de seguimento dos cursos que conforman este proceso de acreditación. Incorporamos a acción de mellora **AM-10 (Curso 2018/2019)** para facer dita análise (*Analizar as opcións de cambio de cuadrimestre e/ou de curso das materias que se imparten actualmente no terceiro curso. Os obxectivos son mellorar a coordinación dos contidos da titulación e equilibrar a carga de traballo asignada a cada curso*), pero nas reflexións feitas para elaborar o [Informe de Seguimento do curso 2018-2019](#) temos identificado que a acción de mellora **AM-9 (Curso 2018/2019)**, que consistiu en engadir nas guías das materias para o curso 2019-20, en cada tema, unha estimación das horas dedicadas ás clases expositivas, resultou efectiva á hora de axustar a carga de traballo das materias, polo que non se volveu engadir dita acción. No [Informe de Seguimento do curso 2017-2018](#), páxinas 48-50, déixase tamén constancia do reaxuste de horas expositivas, interactivas e de laboratorio en diferentes materias do plan de estudos mantendo a asignación de créditos aprobada pola Xunta de Facultade do 14/02/2019. Todas estas reflexións incidiron, como se anticipaba no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”*, na taxa de éxito das materias de terceiro, salientando tamén o importante efecto da gran capacidade de traballo e a motivación dos estudantes nos últimos cursos froito do incremento de nota de corte, como se verá na dimensión dos resultados.

En aras do procedemento de mellora continua e da necesidade de seguir aprofundando na coordinación, propoñemos neste documento como acción de mellora unha revisión global dos contidos por áreas de coñecemento **AM-2 (Curso 2020-2021)** cunha implicación notable dos departamentos que comparten a responsabilidade en temas docentes e que aproban inicialmente as guías das diferentes materias do título. O confinamento levou a reaxustes de programas e este curso xa lle foi demandado aos departamentos unha revisión dos programas para definir unha continuidade dos mesmos, recoñecer e compartir os temas que puideron ser impartidos con algún nesgo, igual que foi demandado para as materias de primeiro curso, polos posibles recortes en materias do bacharelato.

Seguindo co procedemento de reflexión e atendendo ao incremento de matrícula en cuarto curso ás demandas dos grupos de interese, a Comisión de Título valora tamén a necesidade de analizar os contidos e o número das materias optativas. Esta reflexión que identificamos na **AM-3 (Curso 2020-2021)** poderá conlevar o deseño de novas materias, e tamén pode supor a supresión doutras.

Igualmente, mencionamos o acordo da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos do 16 de maio de 2018, dentro do punto "Aprobación dos programas das materias e da oferta de TFG para o curso 2018/19". Detallamos o texto recollido na acta da mencionada xuntanza:

*“Por outro lado, considérase pertinente que poidan celebrarse probas intermedias (sempre con data coñecida polo alumnado) en todos os cursos, cuxas datas de celebración serán planificadas (ao igual que as restantes datas de entrega doutras tarefas) entre o/a Coordinador/a de curso e o profesorado das materias correspondentes, coas restricións de que non sexan liberatorias de materia e que se celebren en horario*



de clase. Por isto, a Comisión de Docencia e Asuntos Académicos acordou recomendar ao profesorado que contemple esta opción incluír esta información no Sistema de Avaliación da Aprendizaxe. Lémbrese ademais a necesidade de que as pautas de avaliación se concreten do xeito máis explícito posible, precisando o modo de realización da avaliación continua e que se vincule, nese mesmo apartado de Sistema de Avaliación da aprendizaxe, as competencias de xeito concreto.”

A base de dito acordo foi potenciar unha mellor coordinación das actividades de avaliación continua e a necesidade de informar aos estudantes da data de realización das probas enmarcadas na avaliación continua para fomentar unha mellor xestión do tempo, que incide na competencia transversal que figura na MVT, CT2 – “Gestionar de forma óptima el tiempo de trabajo y organizar los recursos disponibles, estableciendo prioridades, caminos alternativos e identificando errores lógicos en la toma de decisiones.”

O confinamento e as restricións sanitarias do presente curso supuxo unha oportunidade para desenvolver novas actividades de avaliación continua con un recoñecemento académico diferente do que se indica na MVT, atendendo ao disposto na [RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE SETEMBRO DE 2020 POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS FRONTE Á COVID-19 PARA O INICIO DO CURSO 2020-2021](#), que se concretan para a Facultade de Matemáticas no “[PROTOCOLO PARA UNHA DOCENCIA PRESENCIAL SEGURA NO CURSO 2020-2021](#)”. Consideramos necesario continuar coa análise xa iniciada, para empregar a aprendizaxe da situación vivida, e valorar as opcións de avaliación continua e os procedementos de avaliación unha vez superada a COVID-19, esta análise a situamos na **AM-4 (Curso 2020-2021)**.

No documento [2500172\\_INF.14\\_2018-2019.pdf](#) o profesorado resposta á pregunta: “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título foi adecuada” cunha valoración de 3,74, acadando unha taxa de participación do 36,90%; no informe [2500172\\_INF.14\\_2019-2020.pdf](#) é do 4,07 cunha taxa de participación do 22,09%.

No “[Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación](#)”, menciónase tamén o positivo impacto das titorías en grupos reducidos. A coordinación do calendario das mesmas tamén é un dos labores que asumen os coordinadores de curso e consideramos importante o seguimento das mesmas, se ben estas horas son recoñecidas como parte do horario de titorías na USC, demanda que foi xa formalizada.

A persoa responsable da **coordinación dos TFGs** mantén reunións informativas coas persoas propostas polos departamentos para formar parte dos tribunais e para definir criterios de coordinación nas avaliacións.

No curso 2017-18, como seguimento dos **TFG**, realizouse unha **enquisa de satisfacción** para estudantes que defenderon no curso 2016-17 o TFG, consultando tamén aos titores e aos membros dos tribunais. Actualmente desde a Área de calidade e mellora dos procedementos non se avalía a satisfacción dos TFG, o que conformou a **AM-3 (Curso 2017-2018)**. Os cuestionarios foron deseñados pola coordinadora dos TFG en colaboración cos membros da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos do Grao en Matemáticas. Tendo en conta estes resultados, no curso académico 2018-19 propúxose unha nova acción de mellora **AM-7 (Curso 2017-2018)** para actualizar a Normativa dos TFG e incorporar a existencia dos dobres graos. O [novo regulamento](#) foi aprobado o 22 de maio de 2020 polo Consello de Goberno da USC.

Como se incide no “[Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación](#)”, os diferentes debates sobre os TFGs desenvolvéronse tanto na Comisión de Título (foi tratado nas xuntanzas do 12 de decembro de 2019, 28 de xaneiro de 2020, 12 de febreiro de 2020 e 11 de marzo de 2020, ata acadar unha proposta de consenso) como na Xunta de Facultade (foi tratado e aprobado o 14 de febreiro de 2020), sempre tratamos de salientar que, como se indica no mencionado informe, temos que concentrar a atención na avaliación do traballo realizado e as competencias adquiridas pola/o estudante. Evidencias destas reflexións son os cambios que se incorporan á nova normativa, na que a alumna ou o alumno pode actuar de promotor do TFG, para fornecer a iniciativa e autonomía das/os estudantes. As persoas que asumen a titorización e/ou co-titorización dos TFGs non deben sentirse avaliadas, todo o contrario, para fomentar o seu papel avaliador, incorporouse a opción de que o TFG poida ser defendido, en sesión pública, ante a persoa que o titoriza e, no caso de seleccionar a/o estudante a defensa ante tribunal, o informe do titor pasa a ter un peso na media ponderada coa nota asignada polo tribunal. Nomeadamente, para o curso 2020-2021, na [guía desta materia](#) considerouse aplicar a función máximo entre a media ponderada e a nota asignada polo tribunal:

- A valoración total do tribunal (VTR) obterase ponderando a valoración da memoria nun 60% e a valoración da defensa nun 40%.
- O tribunal trasladará a valoración global do informe do/a titor/a, denotada por VTI.
- A cualificación final do TFG obterase de acordo coa fórmula  $\max\{VTR, 0.3*VTI+0.7*VTR\}$ , con expresión dun decimal.

Para incrementar a visibilidade dos TFG, deseñouse a **AM-10 (Curso 2017-2018)**, que tiña por obxecto a definición dun protocolo para incorporalos ao repositorio MINERVA, o confinamento postergou a subida dos TFG ao repositorio, actividade que retomamos na acción de

### Coordinación nas simultaneidades de estudos

Desde a implantación das simultaneidades de estudos, a coordinación coa Facultade de Física e a Escola Técnica Superior de Enxeñaría é estratéxica para unha correcta organización dos horarios de clase e dos calendarios das probas finais. Asemade, ao ser iniciativas novas, foise aprendendo a mellorar e optimizar os procedementos, polo que os documentos que rexen os mencionados acordos de simultaneidade foron renovados nos últimos cursos:

- [Memoria de Dobre Grao en Matemáticas e Física](#)
- [Memoria de Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas](#)

### Coordinación no confinamento

No pasado **curso 2019-2020**, por mor do confinamento e a complexidade da situación vivida, é importante salientar o labor de coordinación entre o equipo decanal e os equipos de dirección dos tres departamentos con sede no centro e tamén as numerosas xuntanzas do equipo reitoral co Colexio de decanas e decanos da USC. A colaboración e fluxo de información mantido cos representantes de estudantes e o equipo decanal iniciouse con máis intensidade antes do confinamento e continuou especialmente ao longo do mesmo. Todas estas xuntanzas e sinerxías resultaron especialmente construtivas para chegar aos resultados obtidos e para xestionar a grande incerteza e manter conectada desde a rede a toda a comunidade educativa da Facultade de Matemáticas.

Enviouse á vicerreitoría con competencias en titulacións o **INFORME SOBRE OBRIGAS REFERIDAS Á DOCENCIA NON PRESENCIAL NO GRAO EN MATEMÁTICAS**, cumprindo coa Resolución Reitoral do 7 de abril de 2020. Salientamos que, en dito informe, se precisa que:

- A totalidade das materias teñen realizado modificacións do programa a través da Secretaría Virtual.
- Os contidos foron modificados nun 66,67% dos casos, nos que foi necesario reducilos para axustalos á docencia non presencial; a metodoloxía nun 90,48%, para atender tamén ás particulares condicións da docencia virtual; a planificación nun 66,67%; e a Bibliografía nun 80,95%, para incorporar materiais dispoñibles gratuitamente ou accesibles a través da BUSC en liña.
- De acordo coa modificación dos programas a través da incorporación no apartado de Observacións, realizouse unha adecuación da actividade ás especiais circunstancias na totalidade das materias, especificándose a posibilidade de recorrer ao correo electrónico para a comunicación e a consulta de dúbidas (66,67% dos casos), a posta a disposición de materiais a través do Campus Virtual (en todos os casos), ou a creación de equipos en MS Teams para realizar videoconferencias para a atención tutorial ou clases de diversos tipos (38,1%). Ademais, nos programas das materias, déixase constancia da existencia de apuntamentos (73,81%), material adicional escrito (76,19%) e incluso material audiovisual (57,14%).
- En relación ás metodoloxías e ferramentas que está empregando o profesorado para a docencia virtual, na totalidade dos casos os/as docentes elaboraron ou puxeron a disposición materiais, que constan de apuntamentos (76,19%), material adicional escrito (80,95%) e incluso material audiovisual propio (52,38%), posto a disposición do alumnado a través do correo electrónico (80,95%), OneDrive (14,29%), Campus Virtual (100%) ou MS Teams (47,62%).

Durante o confinamento, realizáronse desde o decanato dúas enquisas aos estudantes. Unha realizouse ás dúas semanas do confinamento cunha participación reducida:

	Estudantes enquisados/as	Número de respostas	Porcentaxe
<b>Grao en Matemáticas</b>	518	94	18,14%
<b>Dobre Grao en Enxeñaría Informática e en Matemáticas</b>	39	10	25,64%
<b>Dobre Grao en Matemáticas e en Física</b>	46	7	15,21%
<b>Total</b>	<b>603</b>	<b>111</b>	<b>18,40%</b>

Preguntouse aos estudantes se dispoñían no lugar de confinamento do equipamento necesario e unha conexión a internet estable para seguir co estudo das materias. Cómpre salientar que as respostas son maioritariamente afirmativas; nese momento as respostas recibidas


son un número pequeno, e son os estudantes que menos dificultades técnicas teñen os que participan de xeito inmediato na enquisa. As respostas resúmense na seguinte táboa:

	Número de respostas	Porcentaxe sobre o total de respostas
<b>Equipamento e conexión estable</b>	94	84,68%
<b>Equipamento e conexión non estable</b>	17	15,31%

Tamén se lles preguntou sobre como se estaba a desenvolver a docencia das materias nas que estaban matriculados/as. As respostas son moi variadas, dado que non pasou demasiado tempo e tanto docentes como estudantes están nese momento aínda habituándose ao emprego das ferramentas telemáticas ante as que todos nos atopamos tras decretarse o confinamento. Detéctanse algunhas carencias, polo que se decide preguntar aos docentes para contrastar puntos de vista e solucionar posibles dificultades.

A finais de abril de 2020, realizouse aos estudantes unha segunda enquisa sobre o seguimento e avaliación non presencial en materias do Grao en Matemáticas e dobres títulos. Para lograr contactar con 150 estudantes que non deran resposta inicialmente por correo electrónico, os teléfonos de contacto dos estudantes foron repartidos entre todo o persoal de administración e servizos do centro e, dun total de 603 estudantes matriculados no grao, só 24 non puideron ser contactados ao non responder ás chamadas nos números que nos foron facilitados. Grazas a esta enquisa, puidemos identificar as necesidades telemáticas e dispor de valoracións de todas as materias do grao para identificar e reconducir posibles disfuncións. As solucións aos problemas detectados foron construídas colectivamente evidenciando que a coordinación en remoto funcionou grazas á xenerosidade de moitas horas de traballo polo ben común do Centro.


Rexistráronse un total de 522 respostas, houbo estudantes contactados que voluntariamente despois de ser informados non cubriron a enquisa, coa seguinte distribución: 36 do Dobre Grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas, 40 do Dobre Grao en Matemáticas e Física e 446 do Grao en Matemáticas.




Un total de 7 estudantes se atopaban participando no programa de mobilidade Sicue e 10 deles no programa Erasmus.

Responderon estudantes de diferentes cursos, recollemos os datos sobre todas as materias impartidas no segundo semestre. No seguinte gráfico, reflíctese o número de estudantes que responderon que están matriculados en cada materia do semestre:


### Materias cursadas



Entre as cuestións formuladas, recolléronse aspectos de interese para o axeitado seguimento da docencia en remoto. En particular, preguntouse polo equipamento do que dispoñían os/as estudantes para a conexión á rede. Neste caso, algún estudantes dispoñían de máis de un medio para a conexión.



En relación ao equipamento informático do que dispoñían no seu lugar de confinamento, algúns dos estudantes contaban con varios dispositivos, como se recolle na seguinte táboa:



As dúas preguntas anteriores foron esenciais para detectar posibles dificultades para a conexión ou para dispoñer dun equipo axeitado para o seguimento das actividades lectivas. Realizouse un rexistro de todas as dificultades detectadas, e informouse de posibles solucións. Por exemplo, a USC puxo en marcha un programa para diminuír o gasto dos estudantes na conexión á rede. Dende a Facultade, facilitouse un portátil a un estudante que non puido recoller o seu ordenador polo confinamento. Posteriormente, a USC puxo en marcha un programa de préstamo de equipos.

Os estudantes puideron aportar, a través da enquisa, información sobre o desenvolvemento da docencia das materias nas semanas de confinamento. Esta información foi importante para valorar o esforzo que se estaba a realizar, a calidade de interacción, detectar dificultades en materias específicas e para incidir nalgúns casos nas tarefas de coordinación en cada curso para optimizar as datas de entrega de tarefas e evitar solapamentos. Ademais, os estudantes transmitiron os recursos e ferramentas que estaban a resultar máis cómodos (sobre todo os apuntamentos, exercicios resoltos, vídeos explicativos e clases e titorías online) para seguir co estudo das materias en remoto e as dificultades concretas detectadas.

### Coordinación da mobilidade

A **RAM** tamén mantén reunións con todos os docentes que levan os acordos de mobilidade, xestiona os encontros cos estudantes para presentarles os programas de mobilidade e atende persoalmente as consultas da mobilidade SICUE. Hai 12 docentes coordinadores dos acordos ERASMUS dos 22 acordos establecidos polo Grao en Matemáticas. Os acordos SICUE están actualizados (cursos 2018-2019, 2019-2020, 2020-2021), tanto para o Grao en Matemáticas (23) como para o dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas (1) e o dobre Grao en Matemáticas e Física (2) en [http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/perfil\\_alumnado/mobilidade.html](http://www.usc.es/gl/centros/matematicas/perfil_alumnado/mobilidade.html). No caso dos dobres graos, os RAM dos dous centros están en coordinación.

### Coordinación das prácticas externas

A **coordinación das prácticas externas** estaba asignada a unha das persoas do equipo decanal ata o curso 2018-19. Como xa foi mencionado, desde o curso 2019-20 está nomeada unha coordinadora das prácticas externas. Segundo o documento [2500172\\_INF.07\\_2018-2019.pdf](#) a valoración dada polos titores externos en temas de coordinación no curso 2018-19 é de 4,67 sobre 5, o máximo da secuencia de curso que se amosa. Durante o curso 2018-19, continuouse co seguimento das prácticas externas, a mellora do indicador mencionado respecto ao ano anterior incrementou case un punto, o que motivou que non se materializase a xuntanza de coordinación con titores na USC e nas empresas **AM-4 (2018-2019)**. O nomeamento da coordinadora tiña tamén este obxectivo, pero o confinamento no curso 2019-20 non o permitiu.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Os criterios de admisión son os establecidos polas autoridades competentes.

Xa foi analizado no apartado 1.1 o perfil de ingreso salientando o incremento das notas medias, tanto no Grao en Matemáticas como nos dobres graos. Os incrementos son importantes e a análise que se fai nos seguintes apartados dos indicadores de éxito e rendemento indican que estes criterios conducen a un perfil de ingreso axeitado.

No documento [2500172\\_P.Ind\\_\\_2019\\_20.pdf](#) preséntase tamén unha análise do perfil de entrada.

#### **1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.**

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O alumnado é informado a principio de curso, na xornada de benvida, das distintas normativas. Consideramos que o impacto é o esperado nas mesmas.

As que teñen unha aplicación máis directa son as de recoñecementos de créditos, polo número de estudantes que cambian ao Grao en Matemáticas desde outros graos das grandes áreas de ciencia e enxeñería. A Comisión de Docencia e Asuntos Académicos, e actualmente a Comisión de Título do Grao en Matemáticas, reflexiona sobre os recoñecementos e, en caso de ser posibles diferentes opcións, a coordinadora do Grao en Matemáticas é a que contacta cos estudantes para que elixan entre a opción óptima e máis consistente académicamente, como se reflicte nas actas da Comisión de Docencia e Asuntos Académicos e a Comisión de Título. Nas actas das mencionadas comisións, dáse conta de todos os recoñecementos.

A Normativa de TFG e a súa actualización foi mencionada no apartado anterior.

## MENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Realizarse a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

Publicase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.

Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Além da información proporcionada pola páxina web da USC, a páxina web da Facultade presenta información completa e detallada, dirixida tanto ao alumnado como a outros colectivos. Esta amosa os contidos propios da titulación (obxectivos, plan de estudos, estrutura, horarios, etc) e presenta información actualizada sobre cursos, bolsas, saídas profesionais, ofertas de emprego, etc.

Desde o centro preténdese que a web sexa a principal canle de comunicación con todos os colectivos de interese. Por tanto, tómanse en consideración os comentarios que as persoas implicadas poidan facer en relación á accesibilidade e utilidade de contidos, tratando de identificar que aspectos resultan máis interesantes para cada colectivo co obxectivo de deseñar e manter páxinas para perfís específicos.

Esta valoración, xa manifestada nos informes de seguimento previos, recolle a recomendación feita no *"Informe Final de Evaluación para a renovación de la Acreditación"*, literalmente indicábase *"revisar la información que sobre el título se hace pública con el fin de aumentar la relevancia frente a todos los grupos de interés."*

• "Informe das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación (2018-19)" [2500172\\_INF.22\\_2018-2019.pdf](#), que ten unha taxa de resposta do 9,13%, a valoración da información e orientación é do 2,45. No [2500172\\_INF.22\\_2019-2020.pdf](#), que ten unha taxa de resposta do 14,49%, a valoración da información e orientación mantense.

• "Informe sobre a enquisa de satisfacción de egresados (2018-19)" [2500172\\_INF.09\\_2018-2019.pdf](#), elaborado pola Área de Calidade e Melloras Procedementos da USC, analizouse, entre outros aspectos, a satisfacción dos egresados coa información, xestión académica e reclamación. Entre as opcións propostas a valorar en canto á súa idoneidade para obter información, a "información na propia Facultade/Escola ou Título web propia, presentacións, ..." acadou unha puntuación de 4,00 no último curso, superando a media da USC en máis de medio punto. É interesante observar que, ao longo do tempo, esta puntuación foi sempre superior á media da USC, e que mellorou a valoración con respecto ao anterior. Mencionamos tamén na seguinte táboa o indicador **IN23G-PC-12** (deixou de considerarse no cuestionario de egresados 2019-2020).

Código	<b>IN23G-PC-12</b>
Nome	<b>Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a información pública do título.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19
<b>Total</b>	-	3,27	3,24	3,29	3,65	3,3

Facultade de Matemáticas entrega a todos os estudantes e ao equipo docente do centro unha guía con toda a información do centro e do curso da curso académico:

- Guía da Facultade de Matemáticas curso 2019-20.
- Guía da Facultade de Matemáticas Curso 2018-19.
- Guía da Facultade de Matemáticas Curso 2017-18.



- Guía da Facultade de Matemáticas Curso 2016-17.
- Guía da Facultade de Matemáticas Curso 2015-16.
- Guía da Facultade de Matemáticas Curso 2014-15.

Esta guía finánciase en gran medida co mecenado dos grupos de interese da Facultade como son, nos últimos cursos: AGAPEMA, BIOSTATEC, ICIGA, ITMATI, MICROMEDIA SL, RSME e SGAPEIO. Todas están dispoñibles na [web da Facultade](#).

Aloremos moi positivamente o impacto que a Facultade e as persoas que a conforman teñen nos medios de comunicación. Recollemos n este dossier de prensa todas as novas acontecidas cada curso desde o 2016/2017. Todos están publicados na web da Facultade no apartado [Formativas, Documentos e Impresos](#):

- [Dossier de prensa. Curso 2019/20](#)
- [Dossier de prensa. Curso 2018/19](#)
- [Dossier de prensa. Curso 2017/18](#)
- [Dossier de prensa. Curso 2016/17](#)

Estes documentos son compartidos ao publicarse con todos os grupos de interese. O dossier dá conta tamén do impacto e da maior difusión do curso, como foi solicitado no *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"*.

Para a Facultade, é estratéxica a relación cos centros de Ensino Medio, tanto na [Olimpiada Matemática](#) como no [Programa Estalmat-Galic](#) organizados sempre por docentes da Facultade de Matemáticas e con implicación de todas as xeracións de egresados do centro.

Por primeira vez, no curso 2018-2019, difundimos todas as charlas impartidas na Facultade para os centros de Ensino medio no documento "Encontros A Medida" do Ensino Medio na Facultade de Matemáticas:

[https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/Informes\\_curso\\_academico/encontros\\_a\\_medida\\_1819.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/Informes_curso_academico/encontros_a_medida_1819.pdf) Este documento impreso foi enviado, e moi agradecido por todos os centros participantes e a todas as persoas que participaron como relatores dos cursos.

O documento do curso 2019-2020 tamén foi difundido por todos os participantes no curso [https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/Informes\\_curso\\_academico/encontros\\_a\\_medida\\_1920.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/matematicas/descargas/Informes_curso_academico/encontros_a_medida_1920.pdf) Como se pode apreciar nos títulos dos relatorios dos dous cursos, a decana presentou os estudos de matemáticas en varias charlas demandadas nos centros de ensino medio.

Presentamos as portadas dos tres documentos elaborados no curso 2019-20 que nos permiten compartir información e relacións da Facultade de Matemáticas con todos os grupos de interese:



Desde o curso 2020-2021, hai unha lista de distribución de correos entre o decanato e todo o alumnado que cursan títulos dos que a Facultade de Matemáticas é responsable, o que axiliza máis a comunicación.



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

De acordo co sistema de garantía de calidade marco que establece a USC, a Facultade de Matemáticas dispoñe dun sistema de garantía de calidade (SGC) cuxo deseño e desenvolvemento iniciais foron avaliados positivamente según as directrices FIDES-AUDIT no ano 2013.

O sistema marco da USC foi evolucionando e adaptándose as novas realidades e de forma paralela o da Facultade. Na actualidade están vigentes o Manual de SGC (versión 3) e o Manual de Procesos documentos que foron aprobados no ano 2019. Ditos documentos están publicados [na web](#) da facultade.

Anualmente elaborase e se aproba en Xunta de Facultade unha memoria de Calidade na que se recolle toda a información dos seguimentos/acreditacións dos títulos adscritos a facultade, así como o plan de melloras a nivel de facultade e a nivel dos títulos.

No centro se imparten dos mestrados interuniversitarios e dous dobres graos, e o SGC axuda e facilita a coordinación entre os diferentes centros implicados.


O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Matemáticas da USC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa e realizar unha análise, como se pon de manifesto tras a acreditación favorable de todos os títulos da Facultade en diferentes cursos. Así mesmo, permite detectar áreas de mellora e levar a cabo accións para aumentar a calidade das ensinanzas que se imparten na Facultade.

Na [Memoria OAR 2019-2020.pdf](#) pódense consultar as suxestións e reclamacións.

#### 1. Recursos presentados polo alumnado deste título

Curso académico	Desestimados	Parcialmente estimados	Estimados	Total
2014/2015	2	0	0	2
2015/2016	3	0	0	3
2016/2017	0	1	0	1
2017/2018	1	0	1	2
2018/2019	1	0	0	1
2019/2020	2	0	1	3
<b>Total</b>	<b>9</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>12</b>


As temáticas máis habituais son a de “Convocatorias esgotadas” (con 4 recursos) e “anulación de matrícula” (con 2 recursos):



2. Queixas e suxestións presentadas polo alumnado deste título:

Curso académico	Desestimadas	Estimadas	Total
2014/2015	2	0	2
2015/2016	0	0	0
2016/2017	0	0	0
2017/2018	3	0	3
2018/2019	2	1	3
2019/2020	0	1	1
<b>Total</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>9</b>

Como se pode apreciar, a maioría foron desestimadas, resultando estimadas tan só unha queixa no curso 2018/2019 sobre devolución de prezos públicos pola cancelación dun curso do CLM e outra no curso 2019/2020 sobre exames.



### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O sistema de Garantía de calidade da Facultade de Matemáticas contén un procedemento o PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas co que se asegura o seguimento e a mellora dos títulos. Dito proceso permite detectar as debilidade e establece a obrigatoriedade de establecer un plan de melloras para tentar subsanarlas.

### Modificacións Informe seguimento 2017-2018:

- Reaxuste de horas expositivas, interactivas e de laboratorio en diferentes materias do plano de estudos mantendo a asignación de créditos

Aplicando a normativa do PAA da USC para o curso 2019-20 e atendendo ao calendario académico dos últimos curso e a necesidades de homoxeneizar con flexibilidade grupos de docencia expositiva, de laboratorios e seminarios aprobouse unha modificación da que se deixa constancia na Acta da Xunta de Facultade do 14/02/2019 e que se adxunta como evidencia. En concreto, no punto 4 da Acta da Xunta de Facultade refírese ao seguinte:

*"En relación ao número de horas de docencia, o calendario académico establece, desde o curso 2017/18, o primeiro período de celebración de exames antes de Nadal. Isto implica unha redución no período de docencia e dificulta a elaboración de horarios que permitan unha boa organización do traballo do alumnado mantendo a presencialidade establecida orixinalmente nas materias do Grao en Matemáticas (10 horas por ECTS). Para mellorar este aspecto propónse, para o curso 2019/20, modificar a planificación temporal referida ao reparto de horas de docencia expositiva (E), docencia interactiva de laboratorio (IL) e docencia interactiva de seminario (IS) de todas as materias do Grao en Matemáticas reducindo a presencialidade a un estándar de 14 semanas de docencia por cuatrimestre.*

*No caso particular da materia obrigatoria Modelización Matemática, e co fin de mellorar os obxectivos formativos, propónse modificar a planificación temporal referida ao reparto de horas de docencia pasando de 15 horas E, 28 horas IL, 15 horas IS no curso 2018/19 a 28 horas E, 0 horas IL, 28 horas IS no curso 2019/20."*

Atendendo a isto, os horarios das materias para cada clase expositiva, interactiva de laboratorio e interactiva de seminario así como as titorías reducidas, quedarían como segue:

Código	Nome	Horas Exp.	Horas Lab.	Horas Sem.	Titorías Reducidas
G1011101	Elementos de Probabilidade e Estatística	28	14	14	2
G1011102	Bioloxía Básica	28	14	14	2
G1011103	Informática	14	42	0	2
G1011104	Continuidade e Derivabilidade de Funcións dunha Variable Real	28	14	14	2
G1011105	Introdución á Análise Matemática	28	14	14	2
G1011106	Espacios Vectoriais e Cálculo Matricial	28	14	14	2
G1011107	Linguaxe Matemática, Conxuntos e Números	28	14	14	2
G1011108	Integración de Funcións dunha Variable Real	28	14	14	2
G1011109	Química Básica	28	22	6	2
G1011110	Topoloxía dos Espazos Euclidianos	28	14	14	2
G1011201	Física Básica	28	28	0	2
G1011221	Álgebra Linear e Multilinear	42	14	0	2
G1011222	Análise Numérica Matricial	28	28	0	2
G1011223	Cálculo Numérico nunha Variable	28	28	0	2
G1011224	Curvas e Superficies	42	14	0	2
G1011225	Diferenciación de Funcións de Varias Variables Reais	28	14	14	2
G1011226	Introdución ás Ecuacións Diferenciais Ordinarias	28	14	14	2
G1011227	Programación Linear e Enteira	28	14	14	2
G1011228	Series Funcionais e Integración de Riemann en varias Variables Reais	28	14	14	2
G1011229	Xeometría Linear	42	14	0	2
G1011321	Cálculo Vectorial e Integración de Lebesgue	28	14	14	2
G1011322	Ecuacións Diferenciais Ordinarias	14	14	14	2

G1011323	Ecuacións Alxébricas	42	14	0	2
G1011324	Probabilidade e Estatística	28	14	14	2
G1011325	Inferencia Estatística	28	14	14	2
G1011326	Estruturas Alxébricas	42	14	0	2
G1011327	Teoría Global de Superficies	42	14	0	2
G1011328	Métodos Numéricos en Optimización e Ecuacións Diferenciais	28	28	0	2
G1011329	Series de Fourier e Introducción ás Ecuacións en Derivadas Parciais	14	14	14	2
G1011330	Topoloxía Xeral	28	14	0	2
G1011331	Topoloxía de Superficies	28	14	0	2
G1011421	Modelización Matemática	28	0	28	2
G1011422	Variable Complexa	28	14	14	2
G1011441	Códigos Correctores e Criptografía	42	14	0	2
G1011442	Análise Funcional en Espazos de Hilbert	28	14	14	2
G1011443	Fundamentos de Astronomía	28	23	5	2
G1011444	Modelos de Regresión e Análise Multivariante	14	28	14	2
G1011445	Taller de Simulación Numérica	14	42	0	2
G1011446	Variedades Diferenciais	42	14	0	2
G1011447	Álgebra, Números e Xeometría	42	14	0	2
G1011448	Análise Numérica de Ecuacións en Derivadas Parciais	28	28	0	2
G1011449	Ecuacións Diferenciais	28	14	14	2
G1011450	Historia da Matemática	42	14	0	2
G1011451	Teoría de Xogos	28	14	14	2
G1011452	Topoloxía Alxébrica	42	14	0	2

#### Modificacións Informe seguimento 2018-2019:

- Incorporouse como materia optativa as prácticas externas cunha asignación de 6 ECTS.

Na MVT do Grao en Matemáticas, as prácticas externas non figuran como obrigatorias e indicase que teñen un recoñecemento de 6 créditos optativos. Consideramos estratéxico apostar polas prácticas externas, pola importante empregabilidade das persoas egresadas en matemáticas e a relación con todos os grupos de interese. Estas valoracións, xunto co feito de que nos dous dobres graos que analizamos no informe teñan o recoñecemento de materia optativa, levounos a definir a acción de mellora [AM-2 \(Curso 2019-20\)](#) que consistiu en someter a aprobación da Xunta de Facultade do 30 de xaneiro de 2020 e que tamén foi aprobado polo Consello de Goberno da USC o 6 de marzo de 2020, que sexan consideradas como materia optativa. Esta é unha das modificacións menores das que se deixa constancia.

No presente informe coméntase e cada criterio cales foron as recomendacións feitas no no *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”* e detállase un seguimento das mesmas.

Como se menciona no aspecto anterior, o Sistema de garantía de calidade da Facultade de Matemáticas permite detectar accións de mellora, implantalas e realizar o seu seguimento, promovendo a mellora continua dos seus títulos. No caso concreto do Grao en Matemáticas, o plan de melloras remitido no marco dese proceso son evidencias de que o SGC da facultade está implantado e é eficaz.

#### 3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

**Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

A nivel de título, nos distintos Informes de seguimento (IS) do grao en matemáticas incluíronse Accións de Mellora (AM) previstas para cada curso académico. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc.

Os IS foron analizados, debatidos e aprobados pola Comisión de de Calidade do Centro e tamén pola Xunta de Facultade, proba irrefutable da participación dos distintos grupos de interese.

Doutra banda, a elaboración da Memoria Anual de Calidade (MAC) comporta, entre outros, a Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC). A MAC tamén é aprobada pola Comisión de Calidade do Centro e pola Xunta de Facultade. As últimas MAC dos cursos 2016-17 e 2017-18 están publicadas na páxina web do Centro, no apartado de Calidade.

O bo funcionamento do SGC deriva en plans de mellora cuxas accións conseguen un elevado nivel de eficacia, resultando transcendental o labor da Comisión de Calidade da Facultade e a da Comisión Académica do grao cunha frecuencia periódica nas súas reunións.

Os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, etc.) participan activamente na planificación das accións de mellora nos seus respectivos ámbitos de interese.

O SGC revísase periodicamente, de acordo ao establecido na documentación que o conforma.

Aínda que estaba planeado para o curso obxecto deste informe, a pandemia fixo que o proceso de certificación da implantación do seu Sistema se adiase. Esta tarefa acometerase co obxectivo de acadar a acreditación institucional cando sexa posible.

## **DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

### **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:**

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tráballo Fin de Grao ou Tráballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

## Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:

Os indicadores considerados no informe de indicadores [2500172\\_Informe\\_de\\_indicadores\\_2019\\_20.pdf](#) son:

- IN24G- Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total
- IN25G- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total
- IN26G- Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total
- IN30G- Ratio de estudantes por profesor a tempo completo
- IN31G- Media de alumnos por grupo de teoría
- IN32G- Media de alumnos por grupo de docencia interactiva
- IN46G- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida
- IN47G- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida
- IN55G- Media de alumnos matriculados en materias (FB e OB) por grupo de teoría (expositivas)
- IN56G- Media de alumnos matriculados en materias optativas por grupo de teoría (expositivas)

Analizamos os indicadores que se recomentan valorar:

Código	<a href="#">IN24G-PS-01</a>
Nome	<b>Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI con sexenios e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	<b>83,33</b>	<b>85,51</b>	<b>88,24</b>	<b>87,67</b>	<b>90,63</b>	<b>89,55</b>	<b>93,55</b>	<b>93,22</b>	----

A porcentaxe en media é moi satisfactoria, e que non se acade o 100% pon de manifesto un incipiente relevo xeracional que supón un decrecemento de sexenios por xubilación e por incorporación de persoal novo que non pode solicitalos. Apréciase o mesmo efecto se analizamos o profesorado co grao de doutor ou a porcentaxe do PDI funcionario sobre o total, nas seguintes táboas:

Código	<a href="#">IN25G-PS-01</a>
Nome	<b>Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total</b>
Procedemento de Cálculo	Relación porcentual entre o PDI doutor e o PDI total con docencia no título. Achega información sobre o perfil do profesorado.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	<b>98,48</b>	<b>98,55</b>	<b>98,53</b>	<b>100</b>	<b>98,48</b>	<b>95,77</b>	<b>94,12</b>	<b>89,33</b>	----

Todos os indicadores mencionados son superiores á media da USC, como se evidencia nos diferentes documentos dos dous últimos cursos.

A media de estudantes por grupo na docencia expositiva e interactiva está dentro das definicións de grupos definidos pola USC, salientando que non é uniforme en todos os cursos.

Código	<a href="#">IN31G-PS-01</a>
Nome	<b>Media de alumnos por grupo de teoría</b>
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de teoría.

	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total (%)</b>	<b>74,85</b>	<b>72,84</b>	<b>69,98</b>	<b>78,71</b>	<b>75,52</b>	<b>76,07</b>	<b>76,44</b>	--	--

Este indicador non se contabiliza dende o curso 2017-18.

Código	<b>IN32G-PS-01</b>								
Nome	<b>Media de alumnos por grupo de docencia interactiva</b>								
Procedemento de Cálculo	Relación entre o número de alumnos matriculados e o número de grupos de docencia interactiva.								
	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
Grupos de seminario	27,96	33,97	38,96	37,62	38,88	32,72	30,26	37,92	36,00
Grupos de laboratorio	26,91	24,85	26,56	25,77	24,88	23,8	22,48	25,75	24,86
<b>Total</b>	<b>27,32</b>	<b>27,7</b>	<b>30,31</b>	<b>29,46</b>	<b>29,08</b>	<b>26,6</b>	<b>24,91</b>	<b>29,19</b>	<b>28,08</b>

No *"Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación"*, neste mesmo criterio, recomendábase prestar atención á problemática de contratar a novo profesorado. En numerosos informes de seguimento, incorporouse o apoio da Facultade ás solicitudes de persoal, pero é un tema no que a Facultade non ten competencia. Asemade, atendendo ao cambio de normativa na USC, nos últimos dous cursos o equipo decanal non está presente nos tribunais de selección das prazas. Damos conta nos últimos Informes de Seguimento dos datos de xubilación e das novas prazas en cada unha das Áreas de coñecemento dos Departamentos con sede no centro. No discurso de toma de posesión da decana en 2017, fíxose fincapé na necesidade do relevo xeracional, e nos diferentes encontros co equipo reitoral púxose de manifesto a mencionada necesidade identificada en dito informe.

Detallamos as xubilacións xa producidas na seguinte táboa, que suman un total de 16 nos 6 cursos que conforman o proceso de acreditación:

	Xubilacións 2014-15	Xubilacións 2015-16	Xubilacións 2016-17	Xubilacións 2017-18	Xubilacións 2018-19	Xubilacións 2019-20
Álgebra				2		
Análise Matemática	2	2				
Astronomía e Astrofísica						
Estatística e IO		1		2		
Matemática Aplicada	1					
Xeometría e Topoloxía			2	2	2	

Preséntanse asemade as prazas novas nas diferentes áreas de coñecemento:

Prazas novas	Prazas novas 2014-15	Prazas novas 2015- 16	Prazas novas 2016-17	Prazas novas 2017-18	Prazas novas 2018-19	Prazas novas 2019-20
Álgebra						
Análise Matemática	Praza 0001/15-16 Profesor Contratado Interino de Substitución		Praza 1009/16-17 Profesor Asociado  Praza 1001/16-17 Profesor Axudante Doutor  Praza 1061/16-17 Profesor Contratado Interino de Substitución	Praza 0001/17-18 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 1090/17-18 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 4001/17-18 Profesor Axudante Doutor  Praza 5001/17-18 Profesor Asociado		Praza 1017/19-20 Profesor Axudante Doutor
Astronomía e Astrofísica						

Prazas novas	Prazas novas 2014-15	Prazas novas 2015-16	Prazas novas 2016-17	Prazas novas 2017-18	Prazas novas 2018-19	Prazas novas 2019-20
Estadística e IO	Praza 2004/15-16 Profesor Axudante Doutor		Praza 3001/16-17 Profesor Contratado Doutor	(*) Profesora Interina a Tempo Completo  (*) Profesora Titular de Universidade	Praza L022/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza L017/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 1096/18-19 Profesor Contratado Interino de Substitución  Praza 1009/18-19 Profesor Contratado Doutor	Praza 1018/19-20 Profesor Axudante Doutor  Praza 1019/19-20 Profesor Axudante Doutor
Matemática Aplicada	Praza C01765 de integración de Titular de Universidade (Campus de Lugo).  Praza C01766 de integración de Titular de Universidade (Campus de Lugo).	Praza 1009/15-16 Profesor Contratado Doutor			Praza 4011/18-19 Profesor Contratado Doutor (Campus de Lugo)	Praza 2451/19 Profesor Titular de Universidade (Campus de Lugo)
Xeometría e Topoloxía					Praza 7002/18-19 Profesor Contratado Doutor	


Das prazas novas do curso 2016-17, só se mantiveron no curso 2017-18 a de Contratado Doutor e a de Axudante doutor, as outras dúas volveron convocarse no curso 2017-18. As prazas identificadas con (\*) non foron tramitadas pola Facultade de Matemáticas, igual que as que se identifican no Campus de Lugo.

Poñemos de manifesto a necesidade de seguir ofertando prazas e, na medida do posible, mellorando as prestacións das mesmas. Despois da análise da alta empregabilidade das persoas tituladas en matemáticas, é importante que as prazas ofertadas teñan opcións de estabilidade e promoción para poder ser competitivas coa oferta fóra do ámbito universitario.

### Satisfacción coa docencia

Recollemos os resultados dos indicadores relativos á satisfacción coa docencia tanto do profesorado como do alumnado. Amósase unha tendencia crecente nos dous colectivos, o curso pasado é singular por mor do confinamento, apreciase un decrecemento que pode ser interpretado polas dificultades do confinamento. No **apartado 1.2** do presente informe, presentáronse as valoracións das respostas dos dous últimos cursos precisando as das preguntas relativas á COVID-19. Con todo o esforzo realizado e analizando os resultados que se amosan, desde o presente informe queremos deixar constancia da satisfacción colectiva e da oportunidade para reflexionar e seguir mellorando a partir do aprendido nunha situación tan singular.





Código	<b>IN47G</b>
Nome	<b>Satisfacción do profesorado coa docencia impartida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que imparten.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	<b>4,13</b>	<b>3,93</b>	<b>4,04</b>	<b>4,06</b>	<b>4,11</b>	<b>4,30</b>	<b>4,16</b>

Código	<b>IN46G</b>
Nome	<b>Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</b>
Procedemento de Cálculo	Valoración media da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida. Permite coñecer a opinión dese grupo de interese sobre a docencia que reciben.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	<b>3,74</b>	<b>3,70</b>	<b>3,76</b>	<b>3,79</b>	<b>3,85</b>	<b>3,85</b>	<b>3,84</b>

No informe *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”* indícase que os responsables académicos (decana/ directoras/es de departamento) deben recibir información desagregada dos resultados de avaliación do profesorado a través do Programa Docentia e analizala para poder desenvolver accións de mellora da actividade docente do profesorado do Centro. O programa Docentia non está activo na USC desde hai varios cursos, a canle de información é directamente desde a ACMP aos responsables académicos. Os resultados singulares nas enquisas son analizados entre os responsables dos departamentos e do equipo decanal. Como foi comentado na resposta a dito informe, a debilidade está na significación estatística dos resultados e no nesgo que poden presentar ao responder o alumnado ás enquisas voluntariamente. Traballamos para fomentar a participación do alumnado, pero tratamos de facer unha lectura prudente dos resultados atendendo á participación. Si nos pareceu importante amosar as medias globais no **apartado 1.2**. Os resultados académicos son analizados tamén nas xuntanzas de coordinación.

No curso 2015-2016, a porcentaxe de PDI con docencia no Grao en Matemáticas que realizou algún curso do programa de formación (Programa de Formación e Innovación Docente, PFID) foi do 31,58%. Isto supuxo un incremento salientable en relación a cursos anteriores ao mesmo, o incremento experimentado no curso 2019-2020 está relacionado co confinamento e a fonda implicación do PDI por dar resposta á nova situación, acadando o máximo do 53,61%.

	2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
<b>Total</b>	12,82%	8,75%	31,58%	20,99%	14,77%	24,44%	53,61%

Compartimos o indicador IN28, Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas (1-5).

2013-14	2014-15	2015-16	2016-17	2017-18	2018-19	2019-20
4,47	4,44	4,33	4,35	4,39	4,29	4,46

No INFORME DA ENQUISTA DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PDI COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS [5060\\_INF.10\\_2018-2019.pdf](#) e tamén [INF10\\_2019\\_2020.pdf](#), poden consultarse os resultados en detalle. No último deles, é importante a taxa de participación na enquisa, 49,78%, tendo tamén en conta, polas novas necesidades tecnolóxicas, a importante participación nos cursos xa salientada.

#### **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No documento [5060\\_E16\\_2019-2020.pdf](#), dáse conta de todo o persoal de apoio da Facultade de Matemáticas, contando o persoal da Biblioteca que depende organicamente da Biblioteca Xeral da USC. Son un total de 17 persoas, por unidades están detalladas coa escala ou categoría correspondente, as 3 responsables da Secretaría administrativa dos tres departamentos con sede no centro, as 6 da Biblioteca, as 4 que se ocupan do funcionamento da Conserxería e as 4 que desempeñan as súas funcións no Nivel 3 na zona do decanato.

Como foi mencionado nos informes anteriores, cabe destacar a dedicación de todo o persoal. O persoal da conserxería realiza un destacable labor sistemático de revisión e mantemento das instalacións, así como de apoio ao PDI, ao igual que o técnico xestor de sistemas que supervisa as aulas de informática das Facultades de Matemáticas e Bioloxía. Tanto a secretaria do decanato, o posto base, como a xestora académica, proporcionan unha atención individualizada ao alumnado, en horario de mañá.

Nas xornadas de benvinda aos novos estudantes nos cursos 2017-2018 ata 2019-2020, o persoal de apoio participou amosando as súas funcións desde a conserxería, a xestora do centro, a directora da Biblioteca e o técnico xestor de sistemas. Os resultados son moi positivos e foron recollidos nos diferentes informes. No curso 2020-2021, a participación do PAS foi reducida para minorar o número de persoas que asistiron a cada unha das tres quendas de presentación, atendendo ao protocolo COVID-19. O equipo decanal encargouse de presentar as encomendas de cada unha das unidades e na Guía da Facultade detállanse as persoas de contacto en cada unha delas.

No informe *“Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación”* recomendábase ao centro apoiar, na medida das súas posibilidades, as solicitudes de cursos e formación do persoal de administración e servizos (PAS).

Podemos consultar en [5060\\_I6\\_2019-2020.pdf](#) a evolución da porcentaxe de participación nos últimos anos, que resulta ser moi positiva. Aínda que no curso 2016-17 baixou 10 puntos ata o 37,50%, a porcentaxe de participación nos plans de formación no curso 2018-19 foi do 58,82%.

Por outra parte, en [5060\\_INF.11\\_2018-2019.pdf](#), podemos consultar a evolución da satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas, que sobe notablemente respecto ao ano anterior acadando para o curso 2018-19 unha valoración de 7,84 puntos (valoración media de todas as respostas do PAS á enquisa de satisfacción das/os asistentes aos cursos do Programa de Formación de PAS, máximo 10).

A porcentaxe de participación do PDI do título nos programas de formación foi analizada no apartado anterior.

No informe “*Informe Final de Evaluación para la Renovación de la Acreditación*” recomendábase reforzar o persoal de apoio correspondente aos servizos informáticos da Facultade. O solicitamos en varias ocasións e foi detallado en varias accións de mellora nos últimos anos (por exemplo *AM-7 (2017-2018)*). Desde a Facultade de Matemáticas, na Comisión de Tecnoloxías da Información e a Comunicación, recompilamos en dúas xornadas de traballo en xaneiro e febreiro de 2020 diferentes respostas e comentarios ao documento recibido desde a Área TIC da USC. Concretamente, atendendo a este tema, precisamos:

- *“É de total interese dispoñer de persoal de apoio que resolva calquera problema alleo ao propio da clase a impartir. Calquera contratempo co uso do ordenador ocasiona un trastorno á hora de impartir unha clase. Hai que ter en conta que só o administrador do equipo pode resolver certos problemas e este non está dispoñible nun prazo de tempo razoable. O persoal de apoio debería ter un horario que permita atender as incidencias no horario no que as clases están programadas e que cubra asemade o calendario de exames que precisen o emprego das aulas de informática.*
- *Dispoñer de aulas de informática abertas só para que os alumnos e alumnas practiquen, e sempre con persoal de apoio cubrindo as dependencias informáticas do centro.”*

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
